

Unidade 1. Explicamos unha experiencia

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. No seguinte texto, rodea os substantivos comúns e subliña os propios.



O primeiro anuncio do día veu cun clarear de brétema na liña do horizonte; e sobre a brétema pálida brillou Venus, con furor de astro que sabe curto o seu reinado. Axiña cantaba o galo. Despois, os porcos gruñiron arredor da poza. Entón acordou o Carliños, abaneou a cabeza no brandor laúdo da montura que lle servía de almofada, refregou os ollos, incorporouse, e respirou fondo o frescor da amañecida.

Xavier ALCALÁ

2. Clasifica no cadro os seguintes substantivos: cadelas, cabalo, xitano, nai, bloques, xestos, barbas, beizos, fazula e bonecas.

	Masculino	Feminino
Singular		
Plural		

3. Escribe estas oracións en feminino.

- O meu tío ten un gato negro e un cabalo marrón. _____
- O cazador disparou o león. _____
- O doutor e o farmacéutico están contentos. _____
- O fillo do campión vive en Lugo co seu avó. _____

4. Localiza os substantivos do seguinte texto e analízaos segundo o exemplo.

Foi unha noite do día de Santiago. Na praza do Obradoiro esmorecían os últimos ecos dos fogos de lucería en honor do Santo. Unha marea de xente serpeaba polas ruelas da cidade deixando a praza solitaria e magnífica. Entón, como cada ano xacobeo, as pedras da catedral espreguizábanse dun soño vello e antigo e na intimidade da noite as figuras do Pórtico da Gloria, cobran vida.

Noite: substantivo común, feminino, singular.

Unidade 1. Explicamos unha experiencia

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Completa a túa axenda escolar co que farás nunha semana.



6. Copia as oracións poñendo as comas e os puntos necesarios.

- Os días que teño natación son os luns martes xoves e venres
- O meu pai naceu en Sárdoma unha parroquia de Vigo

7. Escribe o número de sílabas das seguintes palabras: gato, cabalo, man, señora, cabaciña, calcetín, can, tella.

8. Completa.

- O _____ é quen conta unha historia de forma oral ou escrita.

9. Fai de narrador e conta o verán que pasaches.

Unidade 1. Explicamos unha experiencia

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

10. Escribe dous substantivos en singular e dous en plural e fai unha oración con cada un.

- _____
- _____
- _____
- _____

11. Completa.

- Os _____ son palabras que nomean persoas, animais ou cousas.

12. Pon en feminino plural estas palabras.

Can _____ Touro _____ Porco _____
Cabalo _____ Coello _____ irmán _____

14. Pon os puntos e as comas que faltan no texto.

Cando abrín o caixón da esquerda_ comprobei que a miña busca finalizará_ Alí_
gardadas nun coqueto álbum de tapas dun vermello decolorado_ estaban as fotos que
amosaban a vida da avoa Rosalía antes de casar_

Agustín FERNÁNDEZ PAZ



15. Completa.

- O _____ sinala unha pausa maior ca a da coma pero menor ca a do punto.

Unidade 1. Explicamos unha experiencia

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

16. Di que é o que está mal na seguinte axenda.



17. Escribe o que se solicita:

- Unha palabra monosílaba: _____
- Unha palabra bisílaba: _____
- Unha palabra trisílaba: _____
- Unha palabra polisílaba: _____

18. Escribe unha oración na que haxa unha palabra polisílaba, unha oración con dúas palabras trisílabas e unha oración cunha palabra trisílaba e dúas bisílabas.
